

Memoria do obradoiro de creación literaria en Carnota

1. Guión empregado para o desenvolvemento do obradoiro:

Informei os asistentes de que a Teoría da Literatura non forma parte das disciplinas en que me formei, polo que non me atrevía a teorizar nese campo. Ofrecín, pois, a práctica, baseada na miña propia experiencia persoal.

Fixen un percorrido polas diversas etapas da miña produción literaria, desde os comezos (letras de cancións, poemas, artigos de xornal e narracións breves) ata a etapa final (libros de viaxe, novelas de fuste, triloxía). Expliquei os porqués deses atrevementos válidos para calquera escritor.

Por concretar exemplo, entrei logo a explicar o caso da triloxía *Evanxélica memoria*, para mostrarlles como se pode construír unha ficción adaptada á Historia (non unha novela “histórica”):

- como xurdiu a idea,
- as convencións e os acordos cos informantes,
- a planificación dun relato que abranxe sesenta anos de vida,
- a presentación dos acontecementos históricos durante esa vida,
- a creación de personaxes a partir de persoas reais,
- o xogo de personaxes de ficción ligados aos estritamente históricos.

2. Data e horario:

Tivo lugar o día 10 de agosto, de 18.30 a 21.00.

Os responsables do campamento e eu acordamos crear un ambiente distendido na praia de Carnota, con baño previo. O tempo –espléndido– axudou. Eu presenteime aos rapaces con traxe de baño (como estaban eles).

3. Perfil e número de rapaces/zas campistas:

Eran mozos entrados en anos (arredor dos 30), de procedencia española, italiana e francesa. Todos dixeron entender castelán menos unha das mozas francesas, que requiriu de intérprete.

Eu optei polo castelán, aínda que dixese algunhas frases en galego, francés e en inglés.

Houbo unha interesante participación no coloquio, centrada en dúas mozas, unha española e outra francesa.

A española traballa en produción de televisión e dirixiu a conversa cara á relación entre ficción novelada e ficción audiovisual.

A francesa mostrouse interesada na realidade literaria de Galicia, da que non tiña referencias malia a súa formación de Letras.

Algo semellante –respecto a tal interese– mostrou o grupo dos rapaces italianos, que querían saber que obras da Literatura Galega estaban traducidas ao seu idioma.

4. Colaboración por parte do campamento:

Fun cordial e eficazmente tratado polos responsables do campamento, quen se preocuparon con tempo dabondo de que non faltasen datos sobre a miña persoa e a miña obra ao dispor dos asistentes ao obradoiro.

5. Fotos:

Fixéronse unhas cantas fotos, por parte dos organizadores e dos asistentes.